

Guía para solicitar a prestación extraordinaria por cesamento de actividade para persoas traballadoras por conta propia ou autónomas

Ámbito subxectivo de aplicación	✓ Autónomo/a cuxas actividades queden suspendidas ✓ Autónomo/a cuxa facturación se vexa reducida nun 75% en relación coa media de facturación do semestre anterior
Requisitos	a) Estar afiliado/a e en alta na data en que se declarou o estado de alarma: • Réxime Especial da Seguridade Social dos Traballadores por conta propia ou Autónomos • Réxime Especial da Seguridade Social dos Traballadores de Mar b) Se a actividade non se ve directamente suspendida en virtude do RD 463/2020, de 14 de marzo, acreditar a redución da súa facturación en, polo menos, un 75%, en relación ao semestre anterior (setembro-febreiro) c) Manterse ao corrente no pagamento de cotas á Seguridade Social (se na data de suspensión ou redución da actividade isto non se cumpre, hai un prazo improrrogable de 30 días naturais para facelo)
Documentación que hai que presentar	a) Modelo de solicitude de prestación Solicitud prestación SEPE b) DNI c) Fotocopia ou fotografía dos 3 últimos boletíns de cotización d) Certificado da TGSS (Tesorería General de la Seguridad Social) conforme se está ao corrente no pagamento de cotas e) Certificado bancario de titularidade de conta onde se solicite o ingreso de prestación (excepto que a solicitude estea asinada dixitalmente) f) Modelo 145 (IRPF) g) En caso de declarar fillo/a ao cargo: fotocopia ou fotografía do libro de familia h) Acreditación da redución da facturación mediante achega de información contable: • Copia do libro de rexistro de facturas emitidas e recibidas • Libro diario de ingresos e gastos • Libro de rexistro de vendas e ingresos • Libro de compras e gastos i) Declaración xurada na que se faga constar que se cumpren os requisitos esixidos j) Pode requirirse outro tipo de documentación adicional ao longo da tramitación de cada caso: • Modelo 130 dos 4 trimestres de 2019 • Modelo 131 do último trimestre de 2019 (Módulos) ✓ Conta de perdas e ganancias desagregada mes a mes de todo o ano 2019 ✓ Conta de perdas e ganancias desagregada de xaneiro, febreiro e marzo de 2019
Contía da prestación	Será equivalente ao 70% da base reguladora (media das bases polas que se cotizou durante os últimos 12 meses anteriores á situación legal de cesamento) Nos casos de cotizar menos de 12 meses, terase dereito ao 70% da base mínima de cotización do colectivo ao que pertenza o/a profesional.
Duración da prestación	Duración inicial de 1 mes (desde o 14/03/2020 ata o 13/04/2020), prorrogable ata o último día do mes en que finalice o estado de alarma.
Incompatibilidades	Esta prestación é incompatible con calquera outra provinte da Seguridade Social.